




**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 16 DE MAIO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas e trinta minutos do día dezaseis de maio do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz

Non asiste a concelleira Sra. Vicente Baz.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 3 de maio de 2013, ó que responden negativamente os concelleiros presentes nela polo que a referida acta foi aprobada.

PUNTO 2.- ACORDOS

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello comunicando a sentenza dictada o 7 de maio de 2013 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 270/12 entablado por D. Santiago Vicente Pacheco contra a resolución do 6 de xuño de 2012 estimatoria parcialmente da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada contra o Concello da Guarda polos danos e perxuízos sufridos como consecuencia dunha caída na estrada do Castro PO-353 cando circulaba nunha motocicleta a causa da presenza dunha greta na calzada.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda dar traslado da sentenza aos departamentos de Tesoureiría e Intervención para procedan a ordenar o pago de 300 euros en concepto de franquicia segundo as condicións xerais do



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



seguro de responsabilidade civil asinado coa compañía Mapfre. Asimesmo, deberá darse traslado deste acordo e da sentenza á compañía Mapfre para que proceda ao pago inmediato de 1.322,56 € máis os intereses que se requiran.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

- Solicitar unha subvención ó abeiro da Orde de 26 de abril de 2013 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia para o ano 2013.
- Que a finalidade desta subvención é o desenvolvemento dun programa dirixido á redución do abandono escolar en AULA PREPARATORIA PROBAS DE LIBRE ACCESO.
- Que o orzamento total do programe é de 5.000 euros.
- Que a relación de actividades que compoñen o programa e dos seus custos, para o que se solicita a subvención é a que se relaciona:

- Salario e seguridade social mestres graduado da ESO	2.850,00 €
- Gastos funcionamento graduado da ESO	2.150,00 €

Vista a Orde do 30 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concello de Galicia para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes, cofinanciadas polo FEDER, e se procede a súa convocatoria para o ano 2013, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, órgano competente para elo, ACORDA solicitar a subvención ao abeiro desta orde para:

- Proxecto: Actuación na praza de Abastos
- Orzamento total: 70.440,42 euros
- Subvención solicitada 75%

Vista a Orde de 3 de maio de 2013 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2013, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda:

Acollerse a dita orde e solicitar esta subvención para os seguintes programas



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Obra ou servizo	Nº de postos	Tempo de contratación
SOCORRISMO EN PRAIAS	7 SOCORRISTAS 1 PATRÓN EMBARCACIÓN	3 MESES
SERVIZOS VARIOS	5 PEÓNS	6 MESES
AUXILIAR CULTURA	1 AUXILIAR	3 MESES

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte relación de actos de especial relevancia que se van a levar a cabo no Auditorio de San Bieito acolléndose a excepcionalidade que recolle a Ordenanza Xeral de Ruidos pola cal "...o Concello poderá autorizar unha ampliación determinada de carácter temporal e xustificada, nos niveis máximos no ambiente exterior, en puntos determinados do termo municipal, atendendo a eventos singulares programados tales como celebracións, feiras, festas ou manifestacións, ó mesmo tempo que se darán as ordes precisas para reducir ó máximo as molestias ós cidadáns." Asimesmo acorda notificar este acordo ó Hotel Convento San Benito e poñelo en coñecemento dos veciños mediante un Bando de Alcaldía.

A relación de actos que se van a levar a cabo no Auditorio San Bieito durante o verán son:

DATA HABITUAL DE CELEBRACIÓN	DATA CELEBRACIÓN 2013	NOME DO ACTO- ORGANIZADOR- DESCRICIÓN
17 DE MAIO	17 DE MAIO	FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS. <i>Organiza: Agrupación Cultural Guardesa</i> Desfile de grupos folclóricos entre a Alameda e San Bieito, onde se fai a entrega de premios no Concurso de Debuxo e Redacción. En horario de tarde, entre as 17 e 19h.
INICIOS DE XUÑO	9 DE XUÑO	DESFILE DO TRAXE GALEGO <i>Organiza: Asociación pola recuperación do Traxe Galego</i> Desfile de traxes rexionais entre a Alameda e San Bieito, onde se fai exhibición dos mesmos. En horario de tarde, entre as 17 e 19h.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



XUÑO-XULLO	29 de XUÑO	<p>FESTIVAL FOLCLÓRICO LUSO- GALAICO XAMARAINA <i>Organiza: A.C. Xamaraina.</i></p> <p>Festival de baile folclórico no que participan grupos locais e grupos invitados de Galicia e Portugal. Neste ano celebra a súa X edición. Celebrase ás 20h.</p>
XUÑO-XULLO	14 DE XULLO	<p>FESTIVAL DE BAILE MODERNO XAMARAINA <i>Organiza: A.C. Xamaraina.</i></p> <p>Exhibición de baile modernono que participan un gran número de nenas da vila (grupo Xamaraina e alumnos dos colexios) Neste ano celebra a súa X edición. Celebrase ás 20h.</p>
En torno ó 25 de Xullo	19 DE XULLO	<p>ENCONTRO DOS POBOS <i>Organiza: A.C. Do Lusco ó Fusco</i></p> <p>Festival Folclórico Internacional que se celebra dende hai máis de 20 anos en todos os concellos do Baixo Miño (Oia, Tomiño, Tui, O Rosal e A Guarda) Ten carácter internacional, xa que participan grupos extranxeiros e doutras rexións de España. Horario nocturno. A partires das 21h.</p>
2ªSEMANA DE AGOSTO	2-19 DE AGOSTO	<p>FESTAS DO MONTE <i>Organiza: A.V.C. O Cancelón (Comisión de Festas)</i></p> <p>Festa de Interese Turístico Galego dende 2009. Celebran neste 2013 o seu centenario. Durante toda a semana organízanse diferentes actividades deportivas, culturais e lúdicas por toda a vila. Rematando co Gran Desfile Folclórico cos grupos musicais tradicionais, grupos folclóricos e as bandas mariñeiras no sábado, e na romería e comida familiar ó Monte o Domingo. No Auditorio de San Bieito soe realizarse o Pregón, o concerto homenaxe á 3ª Idade e o Concerto da Agrupación Musical do Rosal, entre outros. Na edición deste ano, que cumpRe o seu centenario as Festas estenderanse por máis de 15 días.</p>
ÚLTIMO FIN DE SEMANA DE AGOSTO	31 DE AGOSTO	<p>FESTIVAL DE BANDAS VILA DA GUARDA <i>Organiza: Agrupación Musical da Guarda.</i></p> <p>Concerto de bandas de música, no que participan a lomenos 4 bandas musicais procedentes de distintos lugares de Galicia, no que a <i>Banda Guardesa</i> participa como anfitriona.</p>



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 2.026 de data 19 de abril de 2013, presentado por D. MARCOS RODRÍGUEZ PORTELA, con enderezo na rúa República Dominicana, nº 46-baixo, actuando en representación de Bar Barros A Guarda, solicitando autorización para a ocupación da vía pública con mesas e cadeiras para terraza diante do local.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, acorda autorizar unha ocupacion de vía pública nunha extensión de 20 m² (que nunca poderá exceder ó ancho da fachada) para instalación de terraza. Recórdaselle que o horario de apertura da terraza non pode exceder das 00:00 h. (ás 12 da noite).

Lese o escrito RE 2.420 de data 10 de maio de 2013, presentado por D^a. PLACER FERNANDEZ CASALEIRO, con enderezo na rúa Tomiño, nº 1-baixo da Guarda, actuando en representación de Cafetería Nata y Chocolate, solicitando autorización para a ocupación da vía pública con mesas e cadeiras para terraza diante do local nunha extensión de 14 m².

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, acorda autorizar unha ocupacion de vía pública nunha extensión de 14 m² para instalación de terraza segundo o plano que a propia solicitante adxunta. Recórdaselle que o horario de apertura da terraza non pode exceder das 00:00 h. (ás 12 da noite).

Lese o escrito RE 2.041 de data 22 de abril de 2013, presentado por D^a. ASCENSIÓN RIVEIRO SILVA, con enderezo na rúa 2^a Transv. San Roque, nº 28 da Guarda, solicitando que se lle emita o recibo de auga do obxecto tributario 2^a Transv. San Roque, nº 28 correspondente o 4^o trimestre de 2012 por unha media ponderada, dado que se produxo unha avaría que foi imposible detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 4^o trimestre de 2012 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 2.387 de data 9 de maio de 2013, presentado por D^a. M^a. TERESA VICENTE BAZ, con enderezo na rúa Redondiña, nº 29 da Guarda, solicitando que se lle emitan os recibos de auga do obxecto tributario Redondiña, nº 29 correspondentes os 3^o e 4^o trimestres de 2012 e 1^o trimestre de 2013 por unha media ponderada, dado que se produxo unha avaría que foi imposible detectar. Asimesmo solicita a devolución do que lle corresponda respecto dos recibos relativos aos 3^o e 4^o trimestre de 2012 xa que estes están



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



pagados.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule os recibos do 3º e 4º trimestre de 2012 e 1º trimestre de 2013 e emitan uns novos para eses periodos pola media ponderada de consumo. Acorda tamén a devolución do pagado en exceso respecto da media ponderada dos 3º e 4º trimestre de 2012.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de abril de 2013 cuido importe total ascende a cantidade de 873,24 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Lese o escrito RE 2.359 de data 8 de maio de 2013, presentado por COLEXIO SAN XOSÉ – HERMANAS CARMELITAS, con enderezo na rúa Currás, nº 2 da Guarda solicitando permiso para a instalación dun coche con megafonía dentro da Alameda o día 29 de maio para a “II Andaina Popular” co gallo da Semana Cultural. Asimesmo, solicitan a colaboración da Policía Local e Protección Civil mentras dure a proba.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 2.453 de data 13 de maio de 2013, presentado por ASOCIACIÓN DE VECIÑOS E PROPIETARIOS O PERCAMIÑO, con domicilio social na Praza dos Seixiños, s/n da Guarda, solicitando autorización para celebrar a Festa do Socio o día 9 de xuño na Praza dos Seixiños. Ademais solicitan que se lles faciliten unhas vallas para o corte das rúas de acceso á praza entre as 15 e 19 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado dando traslado deste escrito ao responsable de Servizos e a Policía Local.

Dase conta do escrito RE 2.350 de data 7 de maio de 2013, presentado por SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, informando da suscripción do terceiro convenio de colaboración co sistema integrado de xestión de Ecovidro para levar a cabo a recollida selectiva de envases de vidro.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 2.305 de data 6 de maio de 2013, presentado por D. JOSE ANTONIO ALONSO CASTRO, con enderezo na rúa Circunvalación, nº 4 da Guarda, solicitando que se fagan as xestións oportunas para que os propietarios das fincas colindantes a súa vivenda procedan a súa limpeza e adecentamento.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado deste escrito á Policía Local e comunicarlle ao solicitante que xa foron notificados os propietarios das fincas.

Lese o escrito RE 2.259 de data 3 de maio de 2013, presentado por DNA. JUDITH PEREZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa 1ª Transv. Currás, nº 11 da Guarda, solicitando a limpeza do camiño de acceso a súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local sinala que xa se realizou.

Lese o escrito RE 2.511 de data 15 de maio de 2013, presentado por D. MANUEL LOMBA ALONSO, con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 42-3º de A Guarda, solicitando autorización para a celebración das Festas de San Antonio os días 15 e 16 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo doutras autorizacións que sexan pertinentes.

Lese o escrito RE 2.512 de data 15 de maio de 2013, presentado por D. MANUEL LOMBA ALONSO, con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 42-3º de A Guarda, solicitando 6 vallas para o recinto das festas de San Antonio, no lugar de "O Reguiño" os días 15 e 16 de xuño. Asimesmo solicita a limpeza do recinto e o traslado dos contenedores de lixo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder o solicitado.

Visto o escrito RE 982 de data 25 de febreiro de 2013, presentado por RINGLAND CIRCO solicitando autorización para a representación do seu espectáculo "Festival Musical Infantil Disney" ocupando para elo a explanada xunto a alameda da Guarda os días 1 e 2 de xuño de 2013 e, unha vez presentada a documentación requerida por este Concello, a Xunta de Goberno



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Local acorda autorizar a instalación de dito espectáculo sen perxuízo da autorización pertinente do propietario da parcela.

Dase conta do informe do Asesor Xurídico do Concello de data 15 de maio de 2013 relativo ao recurso de reposición entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de febreiro de 2013 polo que se desestima por falta de lexitimación a denuncia presentada por éste contra o Concello da Guarda pola realización de obras de reparación de cuberta na Urbanización da Armona e petición de copias de documentos.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, ACORDA:

Rexeitar o recurso de reposición formulado polo Sr. Abeleira Cabaleiro mediante escrito de data 25 de Marzo de 2013 polo que impugna o acordo da Xunta de Goberno de data 19-2-2013 polo que se rexeitaron as peticións de copias de documentación formuladas polo Sr. Abeleira Cabaleiro mediante escritos de datas 26 de Setembro e 10 de Decembro de 2012, así como a denuncia urbanística formulada mediante escrito que presentou no rexistro de Entrada do Concello con data 13 de Outubro de 2012 e que ten data 9 de Setembro de 2012, por falta de lexitimación activa por exercicio abusivo da acción pública, en base ós razonamentos que se deixan espostos e porque non existe a infracción urbanística que denuncia, notificándolle o acordo que se adopte con expresión de que contra o mesmo so cabe intepoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses a contar a partir do día seguinte da notificación do presente.

(Abandona a sesión o Sr. Lomba Baz).

PUNTO 3.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. JAIME VICENTE FREITAS, R.E. N.º. 1.579 DE DATA 26 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 3º TRV. A CRUZ N.º. 44 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 60,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA POR CHAPAS DE URALITA E COLOCAR A MESMA TELLA DO PAIS EXISTENTE, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 3º TRV. A CRUZ N.º. 44, EN



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D^a. BASILIA SOUSA PORTELA, R.E. Nº. 2.071 DE DATA 23 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 49 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 130,74 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA POR TELLA MIXTA SOBRE ESTRUCTURA DE MADEIRA, E LIMPEZA E REXUNTADO DA MAMPOSTERÍA DE PEDRA EXISTENTE NUNHA SUPERFICIE DE 128,69 M². DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 49, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. JOSÉ MORENO TRIGO, R.E. Nº. 2.055 DE DATA 22 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRV. LAXES Nº. 33 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR O CABANÓN CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA POR CORREAS DE FORMIGÓN, URALITAS E TELLA DO PAIS NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M².; SUBSTITUIR O ENTABLADO DO PISO POR OUTRO NOVO MANTENDO AS MESMAS CORREAS DE MADEIRA EXISTENTES; E REGULARIZAR OS PINCHOS E CABECEIRAS DOS MUROS DE PEDRA DO PAIS EXISTENTE MANTENDO O MESMO VOLUMEN, SITO NA RÚA DE 1º TRV. LAXES Nº. 33 EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A DIVERVALOR ESPAÑA, S.L., R.E. Nº. 926 DE DATA 20 DE FEBREIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA Nº. 16-BAIXO DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA INSTALACIÓN DE 2 CARTEIS PUBLICITARIOS NOS PORTALÓNS DAS EDIFICACIÓNS SITUADAS NA RÚA DE GALICIA Nº. 49 E Nº. 71, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. CLAUDIO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, R.E. Nº. 1.907 DE DATA 12 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 52 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA IMPERMEABILIZACIÓN DUNHA TERRAZA NUNHA SUPERFICIE DE 10,00 M²., CONSISTENTE EN PICADO DE SOLADO DE BALDOSAS, APLICACIÓN DE NOVA IMPERMEABILIZACIÓN, RECRECIDO DE MORTERO E NOVO SOLADO DE BALDOSAS, NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 52, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. ILDEFONSO GONZÁLEZ DÍAZ, R.E. Nº. 2.091 DE DATA 24 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE VISODOSEIDOS Nº. 70 DE O ROSAL-C.P. 36770, PARA FORMACIÓN DE CUBERTA A BASE DE ESTRUCTURA METÁLICA GALVANIZADA E CHAPAS METÁLICAS IMITACIÓN TELLA NUNHA SUPERFICIE DE 100,00 M². DA EDIFICACIÓN



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



SITA NA RÚA DE CARRETERA O CASTRO Nº. 74, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES JOSÉ Y MANUEL, S.L., R.E. Nº. 2.258 DE DATA 3 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRANSVERSAL BRASIL Nº. 8 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 35,00 M². CONSISTENTE EN COLOCAR TELLA BERMELLA SOBRE URALITA EXISTENTE CON REMATE DE LIMAS E ENCHAPADOS, RECOLLIDA DE AUGAS CON COLOCACIÓN DE CAEIRO E TUBO BAIXANTE E CONSTRUCCIÓN DUN MURO TAPAVISTAS DE 1,80 X 2,50 MTS. ENLUCIDO E PINTADO, NA VIVENDA PROPIEDAD DE D. AGUSTIN VERDE LOMBA SITA NA RÚA DE OUTEIRO Nº. 52, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. AVELINO VILLASENIN VICENTE, R.E. Nº. 2.390 DE DATA 9 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 3º TRV. BALIÑOS Nº. 5 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR O FALDÓN INTERIOR DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 35,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O BARROTILLO E ENTRAMADO DE MADEIRA POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E COLOCAR A MESMA TELLA EXISTENTE, NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 3º TRV. BALIÑOS Nº. 5, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A. D. JOSÉ ANTONIO DA ROCHA ROCHA, R.E. Nº. 2.444 DE DATA 13 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE FERNANDO II Nº. 3-3º F DE PONTEVEDRA-C.P. 36003, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 60,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR OUTRA NOVA, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE IRMÁNS NOIA XIL Nº. 4 (BARRIO DE SANTA TECLA), EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES JOSÉ Y MANUEL, S.L., R.E. Nº. 2.487 DE DATA 14 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRANSVERSAL BRASIL Nº. 8 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 72,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE, MADEIRAS EN MAL ESTADO E ENTRAMADOS POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E CUBERTA CON TELLA BERMELLA DO PAIS CON REMATE DE CUMIOS E LIMAS, DO CABANÓN SITO NA RÚA DE ESTIVADA Nº. 11 PROPIEDAD DE D^a. ISABEL SOBRINO MARTÍNEZ, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



PUNTO 4.- OTRAS INSTANCIAS DE URBANISMO

Dase conta do escrito RE 2.324 de dta 6 de maio de 2013, presentado por D. ALVARO CRUCES ALVAREZ, con enderezo na rúa A Cruz, nº 53 da Guarda, presentando oficio de dirección de obras para unir ao expediente de "Rehabilitación e nova distribución de vivenda unifamiliar" sita en Baliños, nº 25, encomendando dita dirección facultativa ao arquitecto Ignacio Martinez Rodríguez (Martrive, S.L.P.).

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 5.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por D. MARCOS RODRÍGUEZ PORTELA (RE 1.943 de 15.04.2013), para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de República Dominicana, nº 48-baixo que antes figuraba a nome de TANIA DIEGO SALINAS.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. MARCOS RODRÍGUEZ PORTELA cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de TANIA DIEGO SALINAS para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de República Dominicana, nº 48-baixo de A Guarda.

PUNTO 6.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por DNA. YENMI SOLEDAD NOYA ARTIGAS (RE 2.081 de 23/04/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR LIBROS, PERIÓDICOS, REVISTAS (EPIG. 659.4) situado na rúa do Porto, nº 14-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. YENMI SOLEDAD NOYA ARTIGAS licenza municipal nº



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



14/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE LIBROS, PERIODICOS, REVISTAS (EPIG. 659.4) situado na rúa do Porto, nº 14-baixo (PASEO GOLOSO).

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por DNA. EVA GÁNDARA ALONSO (RE 2.375 de 08/05/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de PERSOAL DOCENTE DE ENSINANZAS DIVERSAS (EPIG. 826) situado na rúa de Galicia, nº 4- Entresolo A.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. EVA GÁNDARA ALONSO licenzia municipal nº 15/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de PERSOAL DOCENTE DE ENSINANZAS DIVERSAS (EPIG. 826) situado na rúa de Galicia, nº 4-Entresolo (GABINETE PEDAGÓXICO MEDRANDO).

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por CHANCARELLOS, C.B. (RE 459 de 30/01/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFÉ-BAR (EPIG. 673.2) situado na rúa de Malteses, nº 119-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a CHANCARELLOS, C.B. licenzia municipal nº 16/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFÉ-BAR (EPIG. 673.2) situado na rúa de Malteses, nº 119-baixo (O CHANCARELLO).

Sendo as doce horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.